

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e un de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1336).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1337).- DAR CONTA DAS MODIFICACIÓNS E PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DO CONTRATO DO “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5896/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.10.14, o informe xurídico do 11.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Administración Electrónica, do 20.10.14, conformado polo técnico responsable de Redes e Comunicacóns, o concelleiro-delegado de Fomento e

Administración Electrónica e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o primeiro ano do contrato do “Servizo integral de Comunicacións do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2013 e o 30 de xuño de 2014, procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período.

1. Informe. Modificacións do contrato.

Segundo a cláusula 32 do PCAP de data 28/12/2012, que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas polo Concelleiro do Area durante o período 1/07/2013 a 30/06/2014, segundo delegación acordada en XGL de data 18/01/2013.

CLÁUSULA 32 DO PCAP.- MODIFICACION DO CONTRATO

O Órgano de Contratación poderá modificar os seguintes aspectos do contrato:

- Incorporación de novos servizos e equipos (1)
- O número de enlaces e servizos (2)
- O incremento de centros e instalacións municipais (3)

As CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN son as seguintes:

- Aumento do consumo variable respecto ó estimado (4)
- Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego, ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato ou ben pola apertura de novas sedes ou centros municipais (5)
- Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos (6)

O contrato poderase modificar ata un 20% do prezo do contrato en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

As modificacións se aprobarán por resolución do concelleiro de Area e se dará conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes trimestrais

ACORDO DA XGL DE DATA 18 DE XANEIRO DE 2013, DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE 65896/113):

Terceiro.- Delegar a competencia de aprobación de modificacións para o contrato do servizo integral de comunicacións, expediente 5896/113, no Concelleiro-delegado da área de Fomento, das que deberá dar conta trimestralmente na Xunta de Goberno Local

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz, mensaxes e datos. A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais e as circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 32 do PCAP.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2013 e o 30 de xuño de 2014 que afectan os custos de tipo fixo

Nº. EXPTE.	DATA	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS sen IVE	Tipoloxía Cláusula 32
9507-306	01/07/13	MEDIO AMBIENTE	Alta dunha liña RTB + ADSL (Samil)	288,96	1,3,5
38411-212	03/07/13	POLICÍA LOCAL	Alta dunha liña móbil corporativa + tarifa de datos móbil	273,50	1,5
107-449	15/07/13	TRANSPORTES	Alta dunha liña móbil corporativa .	64,00	1,5
543-214	12/09/13	PROTECCIÓN CIVÍL	Alta de dúas tarifas de datos	180,00	1,5
14931-444	16/09/13	ELECTROMECAÑICOS	Alta de nove liñas móbiles corporativas para control alumeadado público	0,00	1,5
69755-250	20/09/13	VÍAS E OBRAS	Alta de cinco liñas móbiles	320,00	1,5
10064-445	07/11/13	PARQUE MÓBIL	Alta dunha liña móbil corporativa.	64,00	1,5
10479-77	11/11/13	DESVOL. LOCAL E EMREGO	Alta dunha liña móbil corporativa .	64,00	1,5
1571-107	13/12/13	TENENCIA ALCALDIA	Alta dunha liña móbil corporativa .	64,00	1,5
1571-107	13/12/13	TENENCIA ALCALDIA	Cambio de centro de cargo de dúas liñas móbiles da X.de Urbanismo ó Concello	216,00	1,5
87857-210	03/01/14	SEGURIDADE E MOBILIDADE	Alta dunha tarifa de datos móbil	108,00	1,5
2-701	04/02/14	DELEG. SIND. CCOO	Alta dunha liña móbil corporativa .	64,00	1,5
3-701	04/02/14	DELEG. SIND. CCOO	Alta dunha liña móbil corporativa .	64,00	1,5
40220-2112	04/03/14	POLICÍA LOCAL	Alta de tres liñas telefónicas móbiles corporativas	192,00	1,5
40220-2112	04/03/14	POLICÍA LOCAL	Alta dunha tarifa de datos móbil	108,00	1,5
70941-250	27/03/14	VÍAS E OBRAS	Alta dunha liña móbil corporativa.	64,00	1,5
3435-213	07/05/14	BOMBEIROS	Alta de catro tarifas de datos móbiles	432,00	1,5
7272-307	09/05/14	PATRIMONIO HISTÓRICO	Alta de dúas liñas RTB (Centro Interpretación Mundo Romano)	282,00	1,3,5
10450-445	12/05/14	PARQUE MÓBIL	Alta dunha liña móbil corporativa .	64,00	1,5
10502-445	03/06/14	PARQUE MÓBIL	Alta de seis liñas móbiles corporativas.	384,00	1,5
10976-77	04/06/14	DESVOL. LOCAL E EMPREGO	Alta de oito liñas móbiles corporativas.	512,00	1,5
4-701	10/06/14	COMITÉ CONCELLO	Alta dunha liña RTB de fax.	141,00	1,5
3495-213	19/06/14	BOMBEIROS	Alta dunha tarifa de datos móbil	108,00	1,5
604-214	24/06/14	PROTECCIÓN CIVÍL	Alta de tres liñas móbiles corporativas	192,00	1,5
			TOTAL	4.249,46	

Listado de modificacións (baixas) entre o 1 de xullo de 2013 e o 30 de xuño de 2014:

SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS anuais -Sen IVE	Tipoloxía Cláusula 32
Benestar Social	Cambio sede "A" a "B" (Ubas Rivera) por uso de FO de propiedade municipal	-7.072,68	5
Parque Central	Cambio sede "A" a "B" por uso de FO de propiedade municipal	-7.071,68	5
Benestar Social	Cambio sede "A" a "C" (Infancia e Familia) por cambio de tipo de uso	-6.687,72	5
Parque Central	Liña móbil con tarifa datos	-108,00	1,5
Policia Local	2 Liñas móbiles con tarifa datos	-216,00	1,5
Cedro	Liña móbil	0,00	1,5
Alcaldía	2 Liñas móbiles con tarifa datos	-216,00	1,5
	TOTAL	-21.372,08	

O total anual das modificacións para os custos fixos é de -17.122,62 € (sen IVE) é dicir, unhas modificacións que supón un valor negativo nos CUSTOS FIXOS sobre o prezo do contrato.

As modificacións de servizos así como os aumentos dos consumos variables respecto os estimados dos servizos inicialmente contratados, deron lugar as seguintes variacións, recollidas no punto (4) da cláusula 32 do PCAP:

Para tráficos variables de servizos fixos

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Tráfico Real		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
Metropolitana	396.137	718.875	6.038,52	324.832	589.477,50	4.951,59
Metropolitanas internas corporativas	68.708	203.184	0	0	0,00	0,00
Provincial	21.548	50.840	648,24	22.619	53.366,24	680,45
Nacional	40.207	78.920	1.022,76	40.291	79.085,73	1.024,91
Internacional	1.688	6.442	223,68	1.519	5.797,74	201,31
Móbil	165.604	347.214	10.144,92	173.884	364.574,70	10.652,17
Rede Intelixente	52.038	42.611	3.720,48	53.826	44.074,69	3.848,28
Resto	42.070	33342	2.254,92	46.235	36.642,86	2.478,16
TOTAL (TCF)			24.053,52	0,00	0,00	23.836,86

Para tráficos variables de servizos móbiles

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Real		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (orixen fixo-Móbil)	77.118	125.451,81	839,06	92.542	150.542,17	1.006,87
TRAFICO NACIONAL A Móviles (orixen fixo-Móbil)	164.112	409.379,72	12.124,79	229.757	573.131,61	16.974,71
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.216,67	2.637,60	328.429	556.439,00	3.639,89
TRAFICO NACIONAL A Fixos	68.974	142.541,58	4.234,91	94.494	195.281,96	5.801,83
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155,00	20.731,72	491.235	1.118.648,00	33.170,75
RESTRO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081,44	3.670,23	7.642	16.314,78	4.956,28
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049,41	2.415,07	3.088	7.346,89	3.513,93
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	204.264	0,00	10.002,20
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	946	0,00	245,77
			56.206,07			79.312,22

O total anual de variación por mor do aumento do consumo variable respecto o estimado (4) é de

	Importe oferta (sen IVE)	Importe real (sen IVE)	Diferenza (sen IVE)
Custos variables servizos fixos	24.053,52	23.836,86	-216,66
Custos variables servizos móbiles	56.206,07	79.312,22	23.106,15
Total	80.259,59	103.149,08	22.889,49

Polo tanto, a cuantificación total ANUALIZADA das modificacións, resultado da suma dos correspondentes os custos fixos dos servizos así como os variables é de 5.766,87 € máis 1211,04 € correspondente o IVE 21%, que fai un total de 6977,91 €, que supón un 1,78 % do valor anual do contrato.

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 5.5.7, no seu apartado 8, do PPT:

“Os licitadores indicarán nas súas propostas o formato, contidos, nivel de detalle, ferramentas de procesamento, data de presentación factura, e outras. Así mesmo, poderán propoñer esquemas tarifarios, baseados en custo/tempo ou custo/información polos diferentes tipos de tráfico ou facturacións fixas. No caso de propoñer un formato de facturación fixa concertada, presentarase como mínimo anualmente una proposta de regularización en base os custos reais para cada entidade municipal facturada. O Concello de Vigo resérvase a opción de efectuar regularizacións cada vez que o proceso de facturación o requira.”

así como a cláusula 32 do PCAP respecto as modificacións, e dado que o adxudicatario propuso un formato de facturación concertada fixa, procede a realización dunha regularización transcorrido o primeiro ano de contrato.

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a 392.578,53 euros (IVE incluído), polo que ao optarse por unha facturación fixa concertada supuxo unha facturación mensual de 32.714,88 euros/mes para o primeiro ano do contrato.

Segundo a proposta de regularización de data 16 de setembro de 2014, realizada polo adxudicatario, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización:

Segundo os custos sexan fixos ou variables

	Importe oferta (sen IVE)	Importe real (sen IVE)	Diferenza (sen IVE)
Custos Fixos	244.185,48	225.129,40	-19.056,08
Custos variables (orixe fixo)	24.053,52	23.836,86	-216,66
Custos variables (orixe móbil)	56.206,07	79.312,22	23.106,15
Total	324.445,07	328.278,47	3.833,40

Nas modificacións de contrato reflectidas anteriormente de CUSTOS FIXOS aparece un custo de -17.122,62 € fronte os -19.056,08 € reais. Esta diferenza débese a que o custo fixo real do ano 2013-2014 aplícase prorrateado dende a data de alta ou baixa de cada un dos servizos, mentres que o custo aplicado nas tablas de modificacións é anual.

En resumen:

	Custo base anual	IVE 21%	Total custo anual
Facturación concertada abonada	324.445,07	68.133,46	392.578,53

Custo real	328.278,47	68.938,48	397.216,95
Diferencia	3.833,40	805,02	4.638,42

A empresa adxudicatária, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regularización por un importe total o seu favor de 4.638,42 €, segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

O gasto adicional, por importe de 4.638,42 euros, imputarase a aplicación orzamentaria 9220.2220000.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións competencias recollidas no Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe de Intervención, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas polo Concelleiro delegado do Área con relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 01/07/2013 e o 30/06/2014, segundo o acordo de delegación acordado en XGL de 18 de xaneiro de 2013, que supón o 1,78% do prezo anual.
2. Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2013 e o 30/06/2014, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de 4.638,42 €
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de 4.638,42 € (base impoñible 3.833,40 €, tipo IVE 21%, importe IVE 805,02 €) a prol da empresa adxudicatária UTE Telefónica de España, SAU – Telefónica Móviles S.A.U (CIF: U86740305), que se imputara á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1338).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO MAIOR “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓN” EXPTE. 5896/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.10.14, o informe xurídico do 11.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Administración Electrónica, do 19.09.14, conformado polo técnico responsable de Redes e Comunicacións, e polo concelleiro-delegado de Fomento e Administración Electrónica, que di o seguinte:

Transcorrido o primeiro ano do inicio do contrato do “Servizo Integral de Comunicacións do Concello de Vigo”, e en aplicación da cláusula 30 PCAP:

“CLÁUSULA 30.- REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos da presente contratación serán obxecto de revisión. Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20 % do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no grupo comunicacións no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a

finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”

Tendo en conta as datas seguintes:

data de finalización de presentación de ofertas: 11-03-2013

data de adxudicación do contrato: 07-06-2013

data de formalización do contrato: 27-06-2013

data de inicio do contrato: 01-07-2013

data da 1ª revisión do prezo: 01-07-2014

unha vez transcorrido o primeiro ano de execución do contrato e executado mais do 20% do seu importe, procede a revisión de prezos prevista na citada cláusula 30ª, para o que terá en conta a variación do “IPC nacional do grupo comunicacións” entre a data de adxudicación do contrato (xuño de 2013) e a data do remate do primeiro ano de execución do contrato (xuño de 2014). Consultados os datos publicados polo INE para o período xuño 2013 - xuño 2014, o IPC de comunicacións é dun -5,9% (valor negativo, decrementa o prezo), polo que en aplicación da citada cláusula, os prezos deberán actualizarse no 85% do índice, en este caso, nun -5,02 % (redondeo a 2 decimais)

Incorpórase ao expediente a información do INE sobre o dato de variación do IPC do grupo comunicacións.

A continuación achéganse o detalle dos prezos actualizados para o período 01/07/2014 a 30/06/2015 calculados tras a aplicación da cláusula de revisión de prezos naqueles ítems non regulados susceptibles de actualización.

<i>Custes variables. Tráfico</i>				
<i>Orixe móbil -Tipo de tráfico</i>	<i>Chamadas</i>	<i>Minutos</i>	<i>Prezo 1º ano (sen iva)</i>	<i>Prezo 2º ano (sen iva)</i>
<i>TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (fx-mb)</i>	<i>77.118</i>	<i>125.452</i>	<i>839,06</i>	<i>796,94</i>
<i>TRAFICO NACIONAL A Móviles (fx-mb)</i>	<i>164.112</i>	<i>409.380</i>	<i>12.124,79</i>	<i>11.516,13</i>
<i>TRÁFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS</i>	<i>237.992</i>	<i>403.217</i>	<i>2.637,60</i>	<i>2.505,19</i>
<i>TRAFICO NACIONAL A Fijos</i>	<i>68.974</i>	<i>142.542</i>	<i>4.234,91</i>	<i>4.022,32</i>
<i>TRAFICO NACIONAL A Móviles</i>	<i>307.022</i>	<i>699.155</i>	<i>20.731,72</i>	<i>19.692,99</i>
<i>RESTO DE TRAFICO NACIONAL</i>	<i>5.659</i>	<i>12.081</i>	<i>3.670,23</i>	<i>3.485,98</i>
<i>(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA</i>	<i>2.122</i>	<i>5.049</i>	<i>2.415,07</i>	<i>2.293,83</i>
<i>SMS OPERADORES NACIONALES</i>	<i>189.309</i>	<i>0</i>	<i>9.269,88</i>	<i>8.804,53</i>
<i>(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA</i>	<i>1.089</i>	<i>0</i>	<i>282,82</i>	<i>268,62</i>

Custos Fixos				
<i>Servizos de voz fixa</i>	<i>Prezo unit. 1ºano (sen IVE)</i>	<i>Prezo unit. 2ºano (sen IVE)</i>		
<i>Equipamento: Terminais (1)</i>				
<i>Cliente Softphone</i>	67,50	64,11		
<i>Terminal IP Básico</i>	172,08	163,44		
<i>Terminal IP medio</i>	341,42	324,28		
<i>Terminal IP avanzado</i>	498,00	473,00		
<i>Terminal NON IP</i>	36,00	34,19		
<i>Servizo de comunicación de datos</i>				
<i>Equipamento de datos (2)</i>				
<i>Switches de LAN</i>	420,40	399,32		
<i>Servizo de acceso a Internet</i>				
<i>Centralizado</i>				
<i>20 M simétricos adicionais</i>	83,70	79,50		
<i>Non Centralizado (asimétricos)</i>				
<i>1M<X<4M</i>	133,56	126,86		
<i>4M<X<8M</i>	147,96	140,53		
<i>8M<X<20M</i>	328,56	312,07		
<i>>20M</i>	394,27	374,48		
<i>Servizos móbiles</i>				
<i>Equipamento: Terminais (1)</i>				
<i>Terminal móvil Básico</i>	64,00	60,79		
<i>Terminal móvil avanzado (smartphone)</i>	165,50	157,19		
<i>Terminal móvil gama alta (smartphone)</i>	471,00	447,36		
<i>Modem Datos (USB/PCMCIA)</i>	31,00	29,44		
<i>Acceso a datos (tarifas planas)(3)</i>				
<i>Acceso a datos Smartphone</i>	108,00	102,58		
<i>Acceso a datos PC</i>	156,00	148,17		

Fixación do importe da facturación concertada para o período 01/07/2014 - 30/06/2015

A facturación do presente servizo ten unha compoñente fixa e outra variable, en función dos consumos, polo que a cifra real do gasto anual non pode coñecerse con exactitude ao inicio de cada unha das anualidades do contrato.

A modalidade de facturación elixida foi a de factura con importe fixo concertado regularizable anualmente por mor das variacións nos consumos (cláusula 42 do PCAP, e cláusula 5.5.7 do apartado 8 do PPT).

Unha vez rematado o primeiro ano de execución do contrato (período 01/07/2013 ao 30/06/2014) tramitouse ante a Xunta de Goberno Local a aprobación da correspondente regularización co custo do contrato, co seguinte resultado:

Ano 2013-2014	Custo base	IVE 21%	Total (IVE incluído)
Facturación anual concertada abonada	324.445,07	68.133,46	392.578,53 (prezo adxudicación) (32.714,88 euros/mes)
Custo real anual	328.278,47	68.938,48	397.216,95
Diferencia	3.833,40	805,02	4.638,42

Toda vez que, como xa indicouse non pode concretarse a priori o gasto anual do contrato para cada unha das anualidades do contrato, aos efectos da operatoria orzamentaria e para facilitar o proceso de seguimento de información e de facturación do servizo, propónse deixar constante a estimación do gasto anual do contrato, fixando como cifra estimada de gasto anual, para todas as anualidades do contrato, a ofertada para a primeira anualidade (392.578,53 euros IVE incluído), e polo tanto manter constante a cifra de facturación fixa mensual concertada (32.714,88 euros/mes IVE incluído). Gasto que será obxecto da correspondente regularización anual en función dos consumos reais.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións competencias recollidas no Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe de Intervención, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- Aprobar a revisión dos prezos unitarios, naqueles ítems non regulados susceptibles de actualización, do contrato do "Servizo Integral de Comunicacions", expediente 5896/113 para o período 01/07/2014 a 30/06/2015.

Custes variables. Tráfico				
Orixe móbil -Tipo de tráfico	Chamadas	Minutos	Prezo 1º ano (sen iva)	Prezo 2º ano (sen iva)
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (fx-mb)	77.118	125.452	839,06	796,94
TRAFICO NACIONAL A Móviles (fx-mb)	164.112	409.380	12.124,79	11.516,13
TRÁFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.217	2.637,60	2.505,19
TRAFICO NACIONAL A Fijos	68.974	142.542	4.234,91	4.022,32
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155	20.731,72	19.692,99

RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081	3.670,23	3.485,98
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049	2.415,07	2.293,83
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	8.804,53
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	268,62
Custos Fixos				
Servizos de voz fixa	<i>Prezo unit. 1ºano (sen IVE)</i>	<i>Prezo unit. 2ºano (sen IVE)</i>		
<i>Equipamento: Terminais (1)</i>				
Cliente Softphone	67,50	64,11		
Terminal IP Básico	172,08	163,44		
Terminal IP medio	341,42	324,28		
Terminal IP avanzado	498,00	473,00		
Terminal NON IP	36,00	34,19		
Servizo de comunicación de datos				
<i>Equipamento de datos (2)</i>				
Switches de LAN	420,40	399,32		
Servizo de acceso a Internet				
<i>Centralizado</i>				
20 M simétricos adicionais	83,70	79,50		
<i>Non Centralizado (asimétricos)</i>				
1M<X<4M	133,56	126,86		
4M<X<8M	147,96	140,53		
8M<X<20M	328,56	312,07		
>20M	394,27	374,48		
Servizos móviles				
<i>Equipamento: Terminais (1)</i>				
Terminal móvil Básico	64,00	60,79		
Terminal móvil avanzado (smartphone)	165,50	157,19		
Terminal móvil gama alta (smartphone)	471,00	447,36		
Modem Datos (USB/PCMCIA)	31,00	29,44		
<i>Acceso a datos (tarifas planas)(3)</i>				

Acceso a datos Smartphone	108,00	102,58		
Acceso a datos PC	156,00	148,17		

- Autorizar o gasto do contrato para o período 01/07/2014 a 30/06/2015, por importe total de 392.578,53 € (base imponible 324.445,07 €, tipo IVE 21%, importe IVE 68.113,46 €) a prol da empresa adjudicataria UTE Telefónica de España S.A.U – Telefónica Móviles S.A.U.(CIF: U86740305), ascendendo a facturación fixa mensual concertada a 32.714,88 euros, que se imputara á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1339).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, PARA O SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DOS DISPOSITIVOS DE IMPRESIÓN E SOFTWARE ASOCIADO. EXPTE. 7075/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27.10.14, o informe de fiscalización do 14.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. Electrónica, do 30.10.14, conformado polo concelleiro delegado de Admón. Electrónica e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 08 de Xullo de 2014 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación da subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento a implantar no Concello de Vigo .

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- *Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 08 de Xullo de 2014*
- *Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 08 de Xullo de 2014 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- *Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 08/10/2014 .*

- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto de data 20/10/2014 .*
- *Informe favorable ó expediente de contratación do Letrado-Asesor da Asesoría Xurídica de 27/10/2014.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de 07/02/2013 e de data 29/07/2014 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 08 de Xullo de 2014 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo xefe da oficina administrativa de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emítese pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 27/10/2014, informes favorables ó expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo 93-3º da LCSP establececese que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Septimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento que vai implantar no Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas de data 08/10/2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 20/10/2014 .

2. Aproba-lo gasto de 742.920 € para para a contratación do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento a implantar no Concello de Vigo con cargo a partida 92272060001 (Renting sistemas de impresión) do presuposto dos anos 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019 atendendo o seguinte desglose:

Anualidades	Importe sen IVE	IVE	IMPORTE TOTAL
2015	122.796,70 €	25.787,30€	148.584 €
2016	122.796,70€	25.787,30€	148.584 €
2017	122.796,69€	25.787,31€	148.584€
2018	122.796,69€	25.787,31€	148.584€
2019	122.796,69€	25.787,31€	148.584€
Total	613.983,47 €	128.936,53€	742.920 €

3. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1340).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 10403/445.

Dáse conta da proposta do 14.11.14, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 14 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

7.- Propostas de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de combustible para a flota municipal. (expediente 10403-445).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-10-2014, 24-10-2014, 07-11-2014 e 14-11-2014 e dos informes da xefa da Area de Fomento de data 13-11-2014, por unanimidade dos asistentes, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Primeiro.- Dar conta do acordo da mesa de Contratación de 07-11-2014 polo que se excluiu a oferta presentada por Repsol Comercial de Productos Petroliferos, S.A. por que propón un

sistema de calculo de prezos para os repostaxes en gasolineras diferentes ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración de combustible para a flota municipal. (expediente 10403-445), no seguinte orde decrecente:

1. CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L.: 100 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2000 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1341).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BANCOS. EXPTE. 7580/446.

Dáse conta da proposta do 18.11.14, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación.

a) *Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos" (expediente 7580-446)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 24-10-2014, 28-10-2014 e 05-11-2014 e do informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 13 de novembro de 2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos" (expediente 7580-446), no seguinte orde decrecente:

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación total</i>
<i>Funductil Tárrega S.L.</i>	<i>100 puntos</i>
<i>Galítec Desarrollos tecnológicos S.L.</i>	<i>82,59 puntos</i>
<i>Moycosa S.A.</i>	<i>82,23 puntos</i>
<i>Globalia urbanismo integral S.L.</i>	<i>38,82 puntos</i>
<i>Calfensa Proyectos, S.L.</i>	<i>0,00 puntos</i>

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Fundúctil Tárrega, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 630,96 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1342).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EXTRACTORES DE FUMES NO PARQUE AUXILIAR DE BALAIADOS E A AMPLIACIÓN DOS EXISTENTES NO PARQUE CENTRAL DE TEIS. EXPTE. 3491/213.

Dáse conta da proposta do 18.11.14, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de extractores de fumes no parque auxiliar de Balaidos e a ampliación dos existentes no Parque Central de Teis" (expediente 3491-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-11-2014, 12-11-2014 e 18-11-2014 e do informe do subxefe do servizo de Extinción de Incendios, de data 18 de novembro de 2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración de extractores de fumes no parque auxiliar de Balaidos e a ampliación dos existentes no Parque Central de Teis" (expediente 3491-213), no seguinte orde decrecente:

1º.- ITURRI, S.A.: 75 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo das garantías definitiva e complementaria, esixibles de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 11.B da FEC.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 705,18 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1343).- ADXUDICACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN DIVERSAS RÚAS. EXPTE. 2501/440.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para rectificación de erros.

9(1344).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) ESMUVIGO SCG. EXPTE. 5032/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 18.11.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por ESMUVIGO, S.C.G. no que se solicita a devolución da fianza de 40.535 euros, constituída para responder da prestación dos servizos de Escola Municipal de Música, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a ESMUVIGO, S.C.G. a fianza de 40.535 euros, constituída para responder da prestación dos servizos de Escola Municipal de Música, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) FORMATEN PLATAFORMAS Y SISTEMAS DE DESARROLLO S.L. EXPTE. 5017/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 18.11.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por FORMATEN PLATAFORMAS Y SISTEMAS DE DESARROLLO, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 800,85 euros, constituída para responder de deseño e mantemento dunha páxina web para o proxecto “SUN PROYECT”, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a FORMATEN PLATAFORMAS Y SISTEMAS DE DESARROLLO, S.L a fianza de 800,85 euros, constituída para responder de deseño e mantemento dunha páxina web para o proxecto “SUN PROYECT”, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1345).- FIXACIÓN DO PREZO DA VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “CHOVEN MANCHAS DE TEMPO” DE CARLA ANDRADE NA CASA DAS ARTES. EXPTE. 961/341.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Museos municipais, do 18.11.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, e co conforme xurídico do secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Como consecuencia dunha resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, de data 10 de novembro de 2014, iniciouse un expediente para a FIXACIÓN DE PREZO DA VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “CHOVEN MANCHAS DE TEMPO” DE CARLA ANDRADE EN CASA DAS ARTES, que se inaugurarán o 14 de novembro de 2014.

Editarase un catálogo con textos e as fotografías que integran a exposición. Este catálogo ten un custe total (edición, deseño, textos, probas de cor e revisión lingüística) para unha tiraxe de 500 exemplares, I.V.E. Incluído, de 6.082,26 euros, co que o custe total unitario máximo é de 12,16 euros.

O desglose de cada servizo é o seguinte: edición do catálogo: 2.518,62 €; edición: 988 €, impresión fotográfica: 2.575,64 €

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición destes catálogos e, o mesmo tempo aumentar a súa difusión, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu a apertura do expediente de venda ao público correspondente conforme á ordenanza municipal nº 41 do Concello de Vigo para o ano 2014 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de subministración de libros, catálogos, cerámicas, e outros artigos destinados a divulgación de actividades realizadas polo Concello.

Segundo o artigo 3.1 da ordenanza antes citada, as tarifas determinaranse mediante aprobación en cada caso pola Xunta de Goberno Local, sendo prezo máximo por unidade aquel que resulte necesario para a cobertura do custo da tirada e prezo mínimo o 50% daquel. Ademais, o artigo 3.2 da mesma ordenanza establece que o prezo irá recargado coa correspondente cota do Imposto sobre o Valor Engadido (4% segundo o artigo 91 da Ley 37/1992 de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido). Todo isto implica que o valor de venda ao público (IVE incluído) de cada exemplar oscilará entre un mínimo de 12,65 € (resultante de engadir o 4% de IVE ao prezo unitario do catálogo 7,01 euros) e 6,32 euros, respectivamente. O prezo medio de venda podería ser de 10 euros, impostos incluídos, quedando equiparado ao de outras publicacións semellantes.

Do total dos 500 catálogos que se encargaron, considérase de interese poñer á venda pública un total de 200 e reservar 300 para necesidades protocolarias do Concello e intercambio de publicacións con outras institucións.

Á vista do citado, seguindo instrucións do Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

Poñer á venda 200 catálogos dos 500 editados co gallo da exposición “CHOVEN MANCHAS DE TEMPO” de Carla Andrade, a un prezo unitario de venda ao público de 10 € (dez euros), I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1346).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2014-2015. EXPTE. 5811/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 7.11.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2015, luns, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o Concello ofértalle aos nenas e nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: "Vente cos Reis Magos".

O concurso ten por obxecto seleccionar a corenta nenas e nenos da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real. Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade, nesta edición, tan só poden tomar parte os nados entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2006. A inscrición para o concurso realízase cumprimentando unha solicitude, previamente distribuída nos colexios e Centros Culturais e veciñais da cidade, que se pode depositar na caixa de correos existente na lonxa do Concello e nas caixas de correos depositadas nos Centros cívicos de Teis, Coruxo, Casco Vello e Saiáns . Os pais, nais ou titores dos nenos agraciados terán que asinar a pertinente autorización ou, se é o caso, renuncia.

Á vista do exposto, previo o informe do Secretario da administración municipal e coa conformidade do xefe de Xestión e Promoción cultural e do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno a seguinte,

PROPOSTA:

"Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso 'Vente cos Reis Magos' 2014-15 e que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenas/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2015".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2014-15"

- 1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2015. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Carteiro Real.*
- 2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2006, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.*
- 3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.*
- 4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 1 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 16 de decembro de 2014.*
- 5. O sorteo realizarase o día 22 de decembro de 2014, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.*

6. No sorteo, ademais dos nenas e nenos seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.

7. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Cultura e Festas, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.

8. O Concello de Vigo ofreceralles ás nenas e aos nenos seleccionados un disfrace, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.

9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.

10. O concelleiro de Festas queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

12(1347).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DO PROXECTO “ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS”. EXPTE. 16488/332.

Visto o informe xurídico do 14.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizos Xerais, do 14.11.14, conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 27 de xuño de 2014 aprobou o: PROXECTO DE OBRAS DE ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO , cun orzamento de base de licitación de 300.000,00 € , IVE engadido (expte. 16199-332).

Estáse a rematar a tramitación da licitación das obras mencionadas.

Está previsto o comezo das obras de inmediato, polo que se fai á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

–Nomear como dirección facultativa das obras aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e DNA. BEATRIZ ALONSO ASENJO

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1348).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. PARA O ANO 2014. EXPTE. 11361/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.10.14, o informe de fiscalización do 14.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.11.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, nos plans de fomento do emprego correspondentes ao ano 2014 de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa e en concreto tendo en conta a importante implantación da empresa de automóbiles Peugeot Citroën na cidade de Vigo, nos que cabe suliñar non só a súa implantación, senón que o centro de produción se atopa entre as plantas máis avanzadas pola súa capacidade de adaptación e flexibilidade en un mercado tan competitivo como é o caso do sector de automoción.

As accións municipais de fomento do emprego xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica actual. Neste senso, subliñanse como máis relevantes no convenio a consecución do maior número de contratacións posibles de persoal que permita aunar as necesidades da empresa de contar con novos traballadores coa demanda de emprego por parte de desempregados e desempregadas de Vigo que debida a súa falta de experiencia teñen máis dificultades no acceso ao mercado laboral.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- ✓ *Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- ✓ *Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- ✓ *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*
- ✓ *Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.*
- ✓ *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- ✓ *Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- ✓ *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- ✓ *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*
- ✓ *Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.*

PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A., ten entre as súas previsións ademais da construción dos modelos lanzados en 2012 e 2013 (Citröen C-Élysé e Peugeot e 301), os no-

vos vehículos eléctricos Citroën Berlingo e Peugeot Partner, así como os monovolumen C4 Picasso e Gran C4 Picasso, o que supuso unha maior actividade productiva con un total de 406.500 vehículos a finais de 2013 e, nos meses de xaneiro a outubro do presente ano se prevé producir un total de 322.464 vehículos, coa previsión de alcanzar a final de ano as 374.000 unidades, así como manter en anos sucesivos unha organización industrial como a actual (bifluxe con dous e tres turnos), que permita alcanzar niveis de produción similares aos citados.

Desta previsión emanan múltiples beneficios, tanto laborais coma económicos, posto que a consecución da produción industrial se incrementa a actividade laboral e comercial da localidade, o que leva consigo un impulso á creación de emprego e, este, á súa vez, unha mellora da calidade de vida dos seus cidadáns.

O art. 72 LRBRL, "as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...".

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade, encóntrase a PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A., a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo, no desenvolvemento de diferentes programas de inserción laboral de interese xeral.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido industrial en xeral e en concreto coa empresa PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. para subvencionar os gastos derivados da contratación do maior número de persoas posibles de tal xeito que permita aunar as necesidades da empresa de contar con novos traballadores coa demanda de emprego por parte de desempregados e desempregadas de Vigo que debida a súa falta de experiencia teñen máis dificultades no acceso ao mercado laboral.

Conforme se indica na memoria "programa para a inserción laboral de persoas desempregadas da cidade de Vigo" se prevé a contratación de 60 persoas desempregadas e empadroadas en Vigo, as que se lle establece unha axuda de 5.000 € por posto contratado e un período mínimo de 6 meses de contrato.

Desta vontade común entre o Concello e a empresa nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

Conforme a INSTRUCCIÓN 1/2014 da Intervención Municipal acerca da aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, con relación ao expediente de convenio de colaboración para o fomento do emprego, que dan lugar á continuidade de actividades de fomento xa establecida en exercicios anteriores, se teñen entre outros os seguintes antecedentes:

2012:

1. Expediente 9263/77 de "CONVENIO COLABORACIÓN COA PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A.", do 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2014 ao 31/10/2014), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4700002 Convenio Citroën “PME 2014” e a súa bolsa de vinculación.

Incorpórase tamén unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder á PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. e o Concello de Vigo.

A lexislación aplicable a este convenio será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A., con CIF: G36893956.

2.- Autorizar o gasto de 300.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4700002 Convenio Citroën “PME 2014” e a súa bolsa de vinculación, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2014.

3.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

TEXTO DO CONVENIO:

En Vigo, a ____ de _____ de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde – Presidente na representación legal do Concello de Vigo (CIF P3605700H) e, enderezo na Praza do Rei, número 1.

Doutra, Don José Manuel Fernández Cedrón, en nome e representación de PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A. – Centro de Vigo (en adiante a beneficiaria) con domicilio social en Vigo, Avda. Citroën 3 y 5, según escritura de poder otorgada o seu favor,

ante o notario de Madrid D. Luis Garay Cuadros, nº de protocolo 3.256., que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados no Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, empresarial e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas empresas de tal xeito que se mellore a situación das persoas en situación de desemprego.

MANIFESTAN

I.- - Que tendo en conta a situación socio –laboral actual na cidade de Vigo, no obxecto do presente convenio e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e económico:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLO	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	33.076	32.944	132	2.174	1.150	1.024	30.902	14.057	16.845

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

CONCELLO	PARO_TOTAL	AGRICULTURA GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN DETERMINAR
VIGO	33.076	442	4.999	3.161	21.431	3.043

II.- Que PSA Peugeot Citroen Automóviles España, S.A – Centro de Producción de Vigo, ten establecido na súa escritura de constitución como fin e actividade a construción e fabricación de vehículos a motor, cuxa implantación na cidade de Vigo, con máis de 6000 empregos directos convértea nun dos principais motores económicos da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e empresas mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de fomento da empregabilidade.

IV.- Estas circunstancias así como a capacidade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo para xerar emprego na cidade de Vigo e máis a súa influencia e importancia no entorno económico e empresarial, xustifican a súa concesión á citada Compañía dunha axuda económica.

V.- Que tendo en consideración o anterior, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é favorecer a inserción laboral das persoas traballadoras desempregadas que presentan maiores dificultades para incorporarse ao mercado de traballo. Así, o presente convenio é o instrumento adecuado para canalizar unha axuda económica de modo directo pois defínese para situacións de interese público, social, económico ou humanitario, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007. .

VI.- Que PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que para a cidade de Vigo representa a actividade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo, o Concello de Vigo e PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, e, concretamente, a:

- ✓ Facilitar a inserción profesional e adquisición de experiencia laboral de persoas traballadoras, desempregadas e inscritas como tal nas oficinas de emprego e empadroadas na cidade de Vigo, mediante a formalización de contratos de traballo para prestar actividade laboral no Centro de Producción de Vigo.
- ✓ Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- ✓ En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación na formalización das contratacións mediante a posta a disposición da beneficiaria da Bolsa de Emprego dispoñible do Concello mediante a preselección dos candidatos que, en atención a demanda de emprego da beneficiaria se axusten as condicións solicitadas.
- Respetar a estrutura organizativa da beneficiaria.
- Conceder directamente á beneficiaria unha subvención total por importe de 300.000,00 € con cargo á partida 2410 4700002 Convenio Citroën "PME 2014"

Concello de Vigo para o ano 2014, co obxecto de subvencionar as contratacións que, cumprindo os requisitos establecidos neste documento, se formalicen dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de outubro de 2014, ambos inclusive.

Terceiro.- Serán subvencionables, con 5.000,00 €, os contratos de traballo, en calquera das modalidades contractuais vixentes que sumen un período de seis meses, incluíndo todos os contratos e as súas prórrogas, que a beneficiaria suscriba, entre o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de outubro de 2014, con persoas veciñas de Vigo e desempregadas, inscritas como tal nas oficinas do emprego.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique a necesidade financeira da mesma. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter laboral da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa empresa PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A.

Sexto.- Se o número total de contratos subvencionados fose inferior o inicialmente previsto na concesión de presente subvención, procederá a súa redución na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo dun (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas, e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos

proprios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como copia dos contratos de traballo e prórrogas, no seu caso, das persoas contratadas entre o 01 de xaneiro de 2014 e o 31 de outubro de 2014.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A beneficiaria deberá facilitar a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, antes do 15 de maio de 2015, xustificación dos periodos de contratación do persoal adscrito ao presente convenio conforme o establecido no artigo terceiro.

No suposto de extinción da relación laboral temporal dalgunha persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, por morte ou por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, entenderase que non se produce incumplimento e, por tanto, non procederá o reintegro.

No suposto de que a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo terceiro, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no dito artigo procederá o reintegro da axuda concedida máis os xuros de demora

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola beneficiaria.

Décimo séptima.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

Alcalde -Presidente do Concello de Vigo, PSA Peugeot Citroen Automóviles España, S.A.

D. Abel R. Caballero Álvarez

D. José Manuel Fernández Cedrón

14(1349).- OUTORGAMENTO DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2014. EXPTE. 11277/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.11.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos fomentar o emprego, así como o autoemprego e a creación de novas empresas. Neste senso, encuádrase, entre outros, o “Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas”, como unha medida de reforzo das axudas que outras administracións convocan anualmente para os novos emprendedores, e máis, na actual coxuntura económica.

Deste xeito, co obxecto de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 11

de xullo de 2014, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do ano 2014 das Axudas Municipais á Creación de Empresas, cunha disposición total de 150.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do Estado de Gastos do orzamento de 2014 contabilizándose o RC Núm. 201400050008 (achégase copia do informe de intervención). Estas axudas foron publicadas no BOP nº 145, do luns 30 de xullo de 2014 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.

Examinadas as solicitudes, pola comisión de valoración e seguimento das axudas municipais á creación de empresas 2014, nomeada para tal fin, baremáronse segundo o apartado 1.5. aquelas que cumpriron a base 1ª, no seu apartado 1.2 Beneficiarios, no apartado 1.3. Requisitos Xerais dos/as beneficiarios/as e no apartado 4.2 Obrigas da base 4ª. Como o montante total das solicitudes debidamente presentadas superaba o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación, fíxose necesario ordear segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencionar son os calculados, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. das ditas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 150.000€.

Por todo o exposto, e en base á acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 29 de outubro de 2014 que se achega no expediente, na que se indica que as empresas solicitantes destas axudas cumpren os requisitos esixidos nas bases e convocatoria, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder axudas por un importe total de 150.000€ (cento cincuenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á creación de empresas", para as solicitudes que acadaron unha maior puntuación, segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados segundo o tipo e/ou contía das axudas e gastos subvencionables, segundo o seguinte cadro:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
11195/77	NOVA TRESS, C.B.	E27797778	26	2.033,58 €
11115/77	COCKTAIL DE IDEAS S.COOP. GALEGA	F27795780	24	701,47 €
11196/77	LUSCOFOODSCO, CB	E27785757	20	3.000,00 €
11149/77	DIANA ÁLVAREZ GONZALEZ	53183629Q	19,78	1.975,63 €
11222/77	OLIVICA SPORT S.L.	B27788595	18,25	2.304,34 €
11202/77	FERNANDO LAGO LÓPEZ	53176456L	18	1.895,94 €
11224/77	MARTA MARIA REPRESAS GIL	36060038V	17	3.000,00 €
11197/77	KACHE GESTION HOSTELERA, S.L.	B27792688	16,25	3.000,00 €
11103/77	VEINTIDOS ELEFANTES, C.B.	E27790674	16	1.136,35 €
11174/77	JOAQUÍN GARRIDO GONZÁLEZ	36043490Y	16	2.808,15 €
11212/77	SUMA IMPORTANCIA, S.C.	J27794056	16	989,46 €
11254/77	CASA KANGURO, C.B.	E27785500	16	2.431,64 €
11263/77	VR BOUZAS, C.B.	E27791375	16	3.000,00 €
11163/77	TECOINRE, S.L.U.	B27797117	15,5	2.886,59 €
11161/77	JUAN MANUEL MEJUTO BARCALA	35301569L	14,4	1.919,62 €
11189/77	CENTRO ESTÉTICO ETERNAL BEAUTY, C.B.	E27791979	14	566,16 €

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
11207/77	FANTASTIC PARK, C.B.	E27791631	14	3.000,00 €
11244/77	IRXA, C.B.	E27793454	14	1.064,05 €
11252/77	NAVIA VELLO, C.B.	E27787506	14	2.017,74 €
11109/77	GODOY VIDAL S.C.	J27794189	12	3.000,00 €
11162/77	GRUPO SÉMOLA, S.L.	B27788603	12	3.000,00 €
11173/77	CLÍNICA VETERINARIA TARTARUGA C.B.	E27791425	12	3.000,00 €
11176/77	MONTERO Y MARTIN GAITERO S.L.	B27799485	12	2.900,22 €
11184/77	QUALITY LED, C.B.	E27786318	12	3.000,00 €
11185/77	MANUEL JESÚS CERQUEIRA GÓMEZ	76910970M	12	2.885,73 €
11198/77	FIELDSGO, S.L.	B27790286	12	845,53 €
11213/77	GAMBOA Y GONZÁLEZ, C.B.	E27797505	12	3.000,00 €
11225/77	MARÍA ISABEL GARCÍA CAMPELO	36112170P	12	3.000,00 €
11151/77	CARLA MONTEIRO GOMES	X0576148K	11,25	3.000,00 €
11167/77	SEMPRE MEIGAS, S.L.	B27787001	11	3.000,00 €
11101/77	MARTA SUÁREZ FERNÁNDEZ	78800628Y	10	75,83 €
11122/77	MARÍA TERESA GONZÁLEZ PRADO	36101842F	10	1.380,58 €
11134/77	MARÍA JOSÉ MACÍAS BENEDICTO	36155940D	10	236,20 €
11150/77	BENVIDOS S.L.	B27787357	10	3.000,00 €
11155/77	MIHAELA DRUGAN	Y0438357Z	10	3.000,00 €
11158/77	GABRIEL BALÍN NOGUEIRA	36136060R	10	1.686,56 €
11159/77	SOFÍA GARCÍA DIZ	52196717B	10	3.000,00 €
11165/77	DELECER VIAXES, S.L.	B27785526	10	1.795,69 €
11181/77	MARÍA CRUZ JANEIRO RUIBAL	36069453W	10	3.000,00 €
11187/77	OS MENIÑOS CANADÁ, S.L.	B27794973	10	3.000,00 €
11223/77	PAULA ESTÉVEZ PÉREZ	36127590H	10	3.000,00 €
11230/77	MÓNICA FERNÁNDEZ CARRERA	76901492A	10	1.261,10 €
11235/77	IVÁN GALLEGO NOGUEIRA	36169942G	10	3.000,00 €
11243/77	ÓSCAR COSTAS LEIRÓS	36085421P	10	3.000,00 €
11245/77	LUENGOS ANDRE, S.L.	B27714238 K	10	3.000,00 €
11266/77	JOSÉ RAMÓN ARCE CONDE	36061802X	10	1.231,79 €
11152/77	MARÍA DOLORES FRANCOS GONZÁLEZ	76416666V	9	3.000,00 €
11170/77	DIOSMA SIMÓN DOMÍNGUEZ	36164067V	9	1.762,94 €
11192/77	SUSANA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	36130344N	9	3.000,00 €
11298/77	IVAN CARLOS FIGUEROA LORENZO	36129293L	8	2644,15 €
11233/77	ZENYIN ESCUELA DAO YIN, SL	B27794338	8	3.000,00 €
11172/77	DAVID RUANOVA DAVILA	36086976E	8	3.000,00 €
11194/77	ESTEBAN ESTEVEZ BASTERO	36134294Y	8	3.000,00 €
11160/77	IRENE GUNCHE LOPEZ-DORIGA	36126345S	8	3.000,00 €

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
11186/77	JAVIER REDONDO MARTÍNEZ	36078392V	8	1897,17 €
11200/77	CAROLINA DIAZ JIMÉNEZ	75746023P	8	2036,55 €
11168/77	ALEJANDRO BARBOSA PEREIRA	36160875E	8	641,07 €
11136/77	JOSÉ DOMINGO CARRERA CAMISÓN	36093909D	8	2784,45 €
11132/77	SILVIA PORTABALES ALVES	53180337J	8	1305,77 €
11236/77	M ^a AROHA DEL RIO GARCÍA	36107251B	8	3.000,00 €
11232/77	BELEN DIEZ BLANCO	18600322S	8	2784,22 €
11201/77	SERVICIOS INTEGRADOS HERMO, SL	B27745264	8	2896,06 €
11183/77	VANESA SILVIA SEIJO	39455454N	8	809,80 €
11157/77	CARMEN MARTÍNEZ GUIADANES	36036177F	8	809,80 €
11153/77	MARÍA BEATRIZ GALLEGO DOMÍNGUEZ	76912295L	8	809,80 €
11137/77	YAGO PATIÑO GÓMEZ	39455267D	8	809,80 €
11135/77	CARMEN ELENA DOCARME FERNÁNDEZ	36055723A	8	99,37 €
11264/77	GALA BOADA MOLNER	52436440M	8	738,30 €
11215/77	ESPINOSA Y GONZÁLEZ, CB	E27786417	8	809,80 €
11205/77	EVA GONZÁLEZ GONZÁLEZ	36137956B	8	331,00 €

SEGUNDO.- Propoñer a denegación de axudas ás seguintes empresas, segundo o apartado 1.5. da base 1^a, para as solicitudes debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación, de acordo co baremo establecido:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	PUNTUACIÓN BAREMO
11131/77	CARMEN MAIZ BAR	32676549N	6
11133/77	ALVARO DAVID BARRIOS	X3982963F	6
11138/77	ALBERTE GUTIÉRREZ TABOADA	36176671V	6
11154/77	SANTIAGO RIVAS PÉREZ	36051705X	6
11156/77	PABLO LORENZO GONZÁLEZ	36164333F	6
11177/77	ENRIQUE SALGUEIRO FERNÁNDEZ	36111382W	6
11180/77	LIDIA ANASTACIA ROLON RIQUELME	X8884175B	6
11182/77	LAURA RODRÍGUEZ NÚÑEZ	33312974G	6
11188/77	FRANCISCO JAVIER PRIETO TRABADA	36137198N	6
11190/77	JUAN JOSÉ BLANCO GARCÍA	39457693C	6
11203/77	SONIA MÁRQUEZ PRADO	36151195W	6
11214/77	VICTOR MANUEL PÉREZ GONZÁLEZ	36050160Y	6
11227/77	NEREA RIVERA IGLESIAS	53171616D	6
11228/77	GUILLERMO GARABATOS VIÑAS	36174216T	6
11229/77	MARIA MAQUIEIRA IGLESIAS	36024132Z	6
11246/77	MARTIN GONZÁLEZ LOUREIRO	36066779L	6
11253/77	NATALIA PIEDRAHITA RODRÍGUEZ	53178174N	6

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	PUNTUACIÓN BAREMO
11257/77	ANGEL JESÚS FERNÁNDEZ BORRUE	11951303C	6
11262/77	ANTONIO MANUEL DE OJAMIZ LESTON	33258175Z	6
11148/77	CARLOS ALBA MUÑOZ	36126883R	4
11164/77	OGMIOS, SL	B27789965	4
11171/77	EUGENIO SÁNCHEZ SÁNCHEZ	36132313A	4
11175/77	DAVID FERNÁNDEZ ABARQUERO	36125460G	4
11206/77	SPARK GLOBAL, SL	B27791094	4
11211/77	JOAQUÍN FALGUERAS SITJA	36098606Z	4
11218/77	ALBERTO CALVO AREAL	36132812L	4
11220/77	ENBASE 6.0, SL	B27791680	4

TERCEIRO.- Propoñer a denegación das axudas as seguintes empresas por incumprir cos requisitos, por non achegar a documentación requirida ou por renuncia, das solicitudes seguintes:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
11107/77	POZO RIVERO HERMINDO	36083092W	E
11123/77	MARTINEZ PIÑEIRO PATRICIA	36126904E	R
11125/77	MIRIAM CARAMÉS GONZÁLEZ	53174044E	D
11166/77	MR. PICKWICK SCHOOL, SL	B2778560	A
11178/77	CAFETERÍA-HAMBURGUESERÍA DALIA, CB	E27784057	P
11179/77	JACINTO FERREIRA JOELMA	Y0499658C	P
11191/77	LAGO GONZALEZ YOLANDA	36174599S	E
11199/77	ROUCO IGLESIAS JOSE MANUEL	36083876G	L
11204/77	ASOCIACION DE SERVICIOS A COMUNIDADE IN-CLUE	G27764844	E
11208/77	RIVERA ABAL ANA MARIA	53178088H	E
11209/77	MARIA ERISLDA HERNANDEZ TELLO	54382893Z	I
11210/77	ALVAREZ FERREIRA ROSALIA	36172881E	P
11216/77	DOCARME FERNANDEZ MARIA ELVIRA	36079644G	L
11217/77	RIAL Y GONZALEZ CB	E27790294	R
11219/77	PEREZ FERNANDEZ ROBERTO	36101114S	L
11221/77	FUENTES GENDE ANTONIO	36083626F	R
11226/77	REY GONZALEZ NICOLAS	53184709S	L
11231/77	SARA DACAL RUIZ	39457235E	Q
11234/77	HERNANDEZ GRAÑA MARTA	39458935C	G
11247/77	NATALIA BELEN MOLDES RODRIGUEZ	76913864R	P
11248/77	CARLOS FREIRE MOGÍN	36094630V	P
11249/77	FERNÁNDEZ FERNANDEZ JORGE	76909419H	E
11251/77	SOTO GARCIA ANA ISABEL	36131658S	Q

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
11255/77	RODRIGUEZ RODAL CRISTIAN	36148550W	Q
11256/77	ALVAREZ DIAZ JOAQUIN	32777420M	Q
11258/77	CASTIÑEIRAS RODRIGUEZ M ISABEL	36110532A	L
11259/77	IGLESIAS VAN DER WOUDE JOSE MARIA	36133520Z	L
11260/77	MADIA LEVA, CB	E27794205	L
11261/77	AGUEDA M ^a RODRIGUEZ DIAZ	36120424M	E
11265/77	MARIA JESUS DA SILVA ALVAREZ	53182015N	E
11267/77	CLASS CENTRO DE ESTUDIOS, CB	J27792423	P
11268/77	VIGO PLAZA GESTUR	53191309Z	P
11269/77	TALLERES PROTÓN, CB	E27788611	K

(*) Segundo a táboa anterior de denegación de axudas, os códigos que aparecen, correspónden-se cos seguintes conceptos:

**CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPÁIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS
2014**

COD.	CONCEPTO	BASE	APTDOS.
A	Non presenta solicitude segundo modelo normalizado (Anexo I)	4 ^a	4.1
B	Data de solicitude fora do prazo ⁽¹⁾	4 ^a	4.2
C	Non empresa individual ou PEME	1 ^a	1.2
D	Inicio de actividade (alta no IAE) fora do prazo ⁽²⁾	1 ^a	1.2
E	Enderezo fiscal fora de Vigo	1 ^a	1.3.1
F	Enderezo social fora de Vigo	1 ^a	1.3.1
G	Non estar en desemprego o promotor ou promotores (mín, 50% do capital social) na data de inicio da actividade.	1 ^a	1.3.2
H	Non empresa de nova creación (transformación xurídica, sucesión empresa familiar)	1 ^a	1.3.4
I	Ter débedas coa Seguridade Social.	1 ^a	1.3.5
J	Ter débedas coa Consellería de Economía e Facenda.	1 ^a	1.3.5
K	Ter débedas coa AEAT	1 ^a	1.3.5
L	Ter débedas co concello a empresa e/ou algún/s promotor/es	1 ^a	1.3.6
M	Actividade igual ou equivalente nos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio da actividade	1 ^a	1.3.7
N	Percibir subvencións á creación de empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores ao inicio da actividade	1 ^a	1.3.8
O	Concorrer algunha das circunstancias previstas no art. 10 aptdos. 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións	1 ^a	1.3.9
P	Falta de documentación requirida en prazo	4 ^a	4.1/4.2
Q	Gasto non incluído nos conceptos subvencionables	4 ^a	4.1
R	Renuncia	8 ^a	8.2

Prazo de solicitude do 31/07/2014 ao 29/08/2014

Prazo de inicio da actividade do 01/04/2013 ao 31/03/2014

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1350).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DO MEMORIA VALORADA DE MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PARQUE DA FEIRA. EXPTE. 7676/446.

Visto o informe xurídico do 18.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Parques e Xardíns, do 17.10.14, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns e a concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

Con data 24/06/2014 este Concello contratou coa empresa "Vilar Montoro Ingeniería S.L.P." o proxecto de referencia.

No mes de setembro o contratista presentou o proxecto, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Luis Vilar Montoro, cun presuposto de licitación de 32.644,64 € e un IVE de 6.855,37 € e un prazo de execución de dous meses.

O proxecto foi informado favorablemente polo Xefe do Departamento de Montes, Parques e Xardíns con data 17/10/2014.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexerán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e reformulación do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro da empresa Vilar Montoro Ingeniería S. L. P.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

O proxecto ten por obxecto e o acondicionamento da pista deportiva para seu perfecto funcionamento e consistirá na limpeza e arranxo no murete perimetral da pista, nova porta de acceso, instalación de tela metálica galvanizada, pintado e tratamento do pavimento da pista e a execución dun colector de pluviais e unha rexilla continua para drenaxe.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.

Terceiro.-Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanquidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Cuarto.-Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material dos investimentos.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intervención Xeral por se, pola súa natureza, considérase preciso informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.-Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Reformulación do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado reformulación do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a “Memoria Valorada de melloras en pista deportiva do parque da Feira” encargado á empresa “Vilar Montoro Ingeniería S.L.P” cun presuposto base de licitación de 32.644,64€ e un IVE de 6.855,37 € e un prazo de execución de 2 meses.

Para o financiamento das obras existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1710.619.00.00 “Melloras en instalacións deportivas en parques”, do orzamento do presente exercicio 2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1351).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE XULLO E OUTUBRO. EXPTE. 1861/334.

Mediante providencia do 17.11.14, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, a concelleira de Normalización Lingüística dá conta dos expedientes de contratación tramitado polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante os meses de xullo e outubro, que son os seguintes:

Expediente	1824-334. Acción dinamizadoras da lingua galega
Decreto concelleira	data 1 de xullo de 2014
Informe Intervención	RC 49367
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	12.000,00 euros

Expediente	1833-334. Xestións das actividades de dinamización lingüística e musical que terán lugar no Parque das Illas Atlánticas
Decreto concelleira	data 15 de xullo de 2014
Informe Intervención	RC 52050
Adxudicatario	Xoma, Iniciativas Sociais
Importe	5.000,00 euros

Expediente	1853-334. Obradoiros de dinamización do galego nos centros de ensino. Mes da ciencia en galego, 2014
Decreto concelleira	data 22 de outubro de 2014
Informe Intervención	RC 70966
Adxudicatario	Marcelo Rodríguez Acosta (Faia educación ambiental)
Importe	13.750,00 euros

Expediente	1854-334. Obradoiros didácticos para escolares vigueses de primaria
Decreto concelleira	data 22 de outubro de 2014
Informe Intervención	RC 70967
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	4.400,00 euros

Expediente	1855-334. Actividades formativas e dinamizadoras do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo-CIOV
Decreto concelleira	data 22 de outubro de 2014
Informe Intervención	RC 70969

Adxudicatario	Varias empresas
Importe	10.000,00 euros

Expediente	1856-334. Actividade “A casa do avó” conto cómico e poético para escolares e público familiar para a dinamización da lingua galega
Decreto concelleira	data 22 de outubro de 2014
Informe Intervención	RC 70989
Adxudicatario	Tanxarina, S.L.
Importe	7.986,00 euros

Expediente	1859-334. Actividade de dinamización lingüística “Fai un retrato oral” para poboación infantil nas AA.VV. e ludotecas
Decreto concelleira	data 22 de outubro de 2014
Informe Intervención	RC 70965
Adxudicatario	Noente Paradise, S.L. (aCentral Folque)
Importe	4.950,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(1352).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA QUINTELA 31 DE COTAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS CORRESPONDENTES A LOCAL COMERCIAL DE PROPIEDAD MUNICIPAL. EXPTE. 319/242.

Visto o informe de fiscalización do 12.11.14, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 27.10.14, conformado polo xefe e pola concelleira, ambos do servizo de Patrimonio, que di o seguinte:

O Concello de Vigo é propietario dun local comercial na rúa Quintela 31, que actualmente está sendo utilizada pola Unidade Básica de Accion Social anteriormente situada en Coia.

Según antecedentes que constan neste servizo o ultimo pago que se efectuou a Comunidade de propiestraios, foi aprobada na Xunta de Goberno Local en data 1 de outubro de 2012, polo periodo de xullo de 2009 a outubro de 2011, por un importe de 1.608,12 €.

Có fin de regularizar a debeda pendente das cuotas adeudadas, solicitouse a Administradoras de Comunidades “O Castro”, que xestiona dita Comunidade, a documentacion correspondente para proceder a efectuar dito pagamento.

En data 25 de xuño de 2014, dita Administradora remite escrito, no que detalla as debidas pendentes, tanto ordinarias como extraordinarias, dende xulio de 2009. A vista de que no acordo da XGL de 1 de outubro de 2012, aprobouse o gasto, polo concepto que se trata, ata outubro de

2012, solicitouse informe a Tesourería Municipal, sobre o pago efectuado en relación o gasto aprobado en dita Xunta.

En data 26 de xuño de 2014, o Tesoureiro municipal, emite certificación na que expón que en data 6 de novembro de 2012, contabilizouse a devolución do pago efectuado (1.608,12 €), mediante operación 68945/12, por "conta cancelada", según detalle do Banco.

Dado o anteriormente exposto, procede aceptar a solicitude de reclamación de deuda dende a data requerida no escrito da Administradora, que corresponde a 1 de xulio de 2009, que aparece detallada no escrito de solicitude no que se detallan os gastos ata xuño de 2014, ascendendo a debida total a cantidade de 4.410,78 €, tendo en conta a data na que estamos incluíse tamen as cuotas ordinarias correspondentes os meses de xullo, agosto e setembro, polo que o importe total a aboar é de 4.588,77 €.

Achegase no expediente copia da Acta da Comunidade de propietarios da rúa Quintela 3, de data 4 de marzo de 2013, 1na que se procede a aprobación do presuposto para reparación das filtracións da fachada polo muro da cortina, indicando en dito acordo que se pasaría ó cobro das cuotas extras nos meses de abril e maio dese ano. Así como tamen se achega copia da acta de dita Comunidade de data 18 de febreiro de 2014, na que se recolle no punto nº 5 o informe da abogada sobre a demanda polos danos de construción no edificio, na que se aproba por unanimidade unha derrama para facer fronte os gastos de abogado, procurador, peritación e taxas xudiciais por importe de 5.611,89 €.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aboar a Comunidade de propietarios da rúa Quintela 31, na que o Concello ten en propiedade un baixo, a cantidade de 4.588,77 €, correspondentes as cutas ordinarias dende xulio de 2009 a setembro 2014, cuotas extraordinarias por derrama correspondente os gastos de reparación de fachada e cuotas extraordinarias por derrama correspondentes a gastos xudiciais.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1353).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO SEN SER OFICIAL CONDUTOR, DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE-2014 (INCLÚE 2º TRIMESTRE). EXPTE. 25744/220.

Examinadas as actuacións do expediente visto o informe de fiscalización do 17/11/14, dáse conta do informe-proposta do 13/11/14, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

"A instrucción terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada

da condución de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes, correspondentes ao 2º e 3º trimestre-2014.

Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, os informes dos servizos de Museo, Medio Ambiente e Montes, Parques e Xardíns e servizos Enerxéticos, na que se acredita por parte dos mesmo a utilización de vehículo municipal durante mais do 50% da xornada diaria, indicando matrícula do vehículo utilizado, itinerario e causa así como declaración xurada dos empregados municipais en canto a realización dos servizos referenciados.

Servizo	Relacións	TOTAL
Educación	Puentes Rodríguez, Eladio	141,96 €
Medio Ambiente (2º e 3º Trimestre-2014)	De Rodríguez Barbosa, Francisco J. a Hervada Ventín, Andrés	544,18 €
Xuventude	Santiago Dacosta, Francisco	128,44 €
Extinción de Incendios	Pérez López, José Luis	60,84 €
Patrimonio Histórico	Guisande Oleiro, Antón	141,96 €
Protección Civil (2º e 3º)	Sande Vázquez, José Antonio	354,90 €
Xerencia Parque Central (2º e 3º Trimestre)	De Abelleira Porrúa, Guillermo a Alonso Alonso, Miguel Ángel	202,80 €
Transporte (2º Trimestre)	De Alonso González, José Ramón	172,38 €
Servizos Enerxéticos	De Davila Pérez, Juan a Posada Oitabén, Angel	422,50 €
Desinfección	De Pardellas Avión, A. Avelino a Eijas Álvaez, José Ramón	375,18 €
Vías e Obras	De Agra Abalde, José Angel a Vázquez de Francisco, José Luis	2.322,06 €
Limpeza	De Fernández Pérez, Fernando a Sola Quiroga, Constantino	943,02 €
Seguridade e Mobilidade	De García Alfonso, Juan Jesús	155,48 €
		5.965,70 €

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

